



Erasmus+

## COMISIÓN DE VALORACIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA ALUMN@S EN PRÁCTICAS

---

A Comisión que valorará aos solicitantes de beca para MOBILIDADE EUROPEA estará constituída por:

- O Director do Centro.
- O Coordinador Erasmus do Centro.
- 1 Profesor de Lingua Vehicular implicado en Programas de Mobilidade (inglés, portugués ou francés).

Esta Comisión reunirse unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas ás bolsas de mobilidade e valorarán segundo os seguintes criterios

CRITERIO DE SELECCIÓN	BAREM O	COMO SE VALORA
Excelencia académica do Candidato	ATA 30%	Expediente académico de 1º e 2º curso: PROMEDIO CUALIFICACIÓN: Ata 3 puntos
Competencia lingüística no idioma vehicular	ATA 40%	PROBA DE NIVEL: Ata 3 puntos
Adecuación do perfil do candidato ao programa de mobilidade	ATA 30%	Valoración do equipo docente do Ciclo. (Grao de madurez, Compromiso, Capacidade Económica.) Ata 3 puntos



Será necesario obter unha puntuación mínima de dous puntos no apartado de competencia lingüística do idioma vehicular. Dita proba podería ser convalidada pola acreditación oficial de competencia lingüística, de acordo coa seguinte táboa:

CERTIFICACIÓN OFICIAL COMPETENCIA LINGÜÍSTICA	PUNTUACIÓN
Nivel Competencia B2	3 PUNTOS
Nivel de Competencia B1	1,5 PUNTOS

A entrevista co candidato farase unha vez valoradas as dúas primeiras fases.

No caso de empate farase uso do grao de coñecemento do destino que teñan os solicitantes.

Os criterios poden ser flexibilizados no caso do portugués.



Erasmus+

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ERASMUS CONVOVATORIA 2019

### DATOS PERSOAIS

APELIDOS		NOME	
DOMICILIO			
CP	POBOACIÓN	PROVINCIA	
TELÉFONO FIXO:	TELÉFONO MÓBIL		
DATA NACEMENTO:	LUGAR NACEMENTO		
NIF:	E-MAIL:		

### IDIOMAS

Nivel de coñecemento dos idiomas falado/escrito.

IDIOMA	BAIXO	MEDIO	ALTO
Francés			
Inglés			
Alemán			



Erasmus+

Italiano			
Outros *			

Explicar/Xustificar o coñecemento dos idiomas sinalados na cuestión anterior, así como cales son os outros que coñeces

.....  
.....  
.....  
.....

\*Se o Centro ofertara clases nunha lingua estranxeira como actividade extraescolar. E s t a r í a s intresad@?.....  
.....

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

**Currículum en galego e en inglés (ou noutra lingua).**

**Documentos que acrediten os cursos de inglés realizados.**

**Carta de presentación en galego e en inglés (ou noutra lingua).**

*\*Non obriga ao Centro a ofertar a dita actividade.*



Erasmus+

## PROCEDIMIENTO SELECCIÓN BENEFICIARIOS: INFORMACIÓN, SELECCIÓN E DIFUSIÓN

---

O IES Manuel Chamoso Lamas pode ofertar para o curso 2019-2020 catro mobilidades Erasmus+ Acción KA102 para alumn@s dos Ciclos Medios; e catro mobilidades ERASMUS+ Acción KA103 para prácticas de alumn@s de Ciclo Superior na UE.

O Centro vén apostando por Europa e dende hai 6 anos participa en accións de mobilidade para prácticas en tódolos seus ciclos formativos.

É por este motivo polo que cada ano solicítanse fondos para a subvención de diversas mobilidades. Para que exista un sistema transparente de selección de beneficiarios realizaranse as seguintes acción:

### SELECCIÓN

1. O 25 de Outubro realizarase unha xornada informativa para todos os alumn@s susceptibles de ser beneficiarios. Abrirase un prazo para a presentación de candidaturas (Modelo Solicitud Participación).



2. En 14 días naturais a partir da presentación valoraranse as solicitudes e convocarase aos alumn@s interesados para a realización da proba de idioma.
3. Vistos os resultados o Comité de Avaliación confeccionará unha lista en base aos criterios de selección de expediente e idioma que se ordenarán por orde de maior a menor puntuación seleccionando tantos alumn@s como becas así como un reserva.
4. Estas listas publicaranse abrindo un periodo de alegacións de tres días. Pasado este periodo elevarase a definitiva a lista de beneficiarios.
5. Establecerase o grupo de beneficiarios con reunións periódicas onde se tratará todo o relacionado con documentación, destinos, axudas complementarias,...

Co fin de establecer as relacións entre Institución de Orixe, Beneficiario e Institución de acollida, a continuación recóllese o **COMPROMISO DE CALIDADE PARA AS PRÁCTICAS DE ESTUDANTES ERASMUS**, que reproduce os principios da carta de calidade da mobilidade europea.

**A INSTITUCIÓN DE ENSINANZA SUPERIOR DE ORIXE COMPROMÉTESE**

**A:**

Definir os resultados de aprendizaxe das prácticas no que respecta a coñecementos, capacidades e competencias que deben adquirirse.



Axudar ao estudante a elexir a organización de acollida adecuada, a duración do proxecto e o contido das prácticas, para alcanzar ditos resultados de aprendizaxe.

Seleccionar aos estudantes baseándose en criterios e procedementos transparentes e claramente definidos, e asinar un Acordo de Prácticas cos estudantes seleccionados.

Preparar aos estudantes nos aspectos prácticos, profesionais e culturais do país de acollida, en especial mediante unha formación lingüística adecuada ás necesidades profesionais previstas.

Prestar apoio loxístico aos estudantes en aspectos tales como a cobertura da seguridade social, organización da viaxe, visado, aloxamento, permisos de residencia ou de traballo e seguro.

Outorgar pleno recoñecemento das actividades completadas satisfactoriamente polo estudante con arreglo ao Acordo de Formación.

Avaliar o desenvolvemento persoal e profesional alcanzado por cada estudante mediante a súa participación no proxecto Erasmus.

*A INSTITUCIÓN DE ORIXE E A ORGANIZACIÓN DE ACOLLIDA  
COMPROMÉTENSE CONXUNTAMENTE A:*

Negociar e acordar un acordo de formación personalizado para cada estudante (incluído o Programa de prácticas e o sistema de recoñecemento), e adoptar as oportunas disposicións relativas á titoría.

Supervisar o desenvolvemento das prácticas e tomar as medidas apropiadas que foran precisas.



A ORGANIZACIÓN DE ACOLLIDA COMPROMÉTESE A:

Asignar aos estudantes tarefas e responsabilidades segundo o disposto no Acordo de Formación, e axeitados aos seus coñecementos, capacidades e obxectivos de aprendizaxe, garantindo que dispoñan de equipos e asistencia suficientes.

Redactar un convenio ou ben outro documento equivalente que governe as prácticas, de conformidade aos requisitos da lexislación nacional.

Nomear un titor que asesore aos estudantes, e lles axude a integrarse na contorna de acollida e supervise a evolución da súa formación.

Prestar apoio práctico se fora necesario, comprobar que dispoñen dunha cobertura de risco axeitada e facilitar a comprensión da cultura do país de acollida.

O ESTUDANTE COMPROMÉTESE A:

Cumprir todas as disposicións negociadas en relación coas súas prácticas e facer todo o posible para que resulten frutíferas.

Respectar as normas e regulamentos da organización de acollida, a súa xornada laboral habitual, o seu código de conduta e a súa política de confidencialidade.

Comunicar ao centro de orixe calquera problema ou modificación das prácticas.





Presentar un informe no formato especificado, así como calquera outra documentación que se lle solicite, ao remate das prácticas.

## Condicións do proxecto

---

O proxecto Erasmus+ ten como finalidade proporcionar aos alumnos do centro unha serie de axudas económicas para contribuír aos gastos xerados pola realización do módulo profesional de Formación en Centros de Traballo nun país terceiro. O alumno escolle de forma voluntaria esta posibilidade e acepta as seguintes condicións:

1. As cantidades entregadas ao alumno por parte do proxecto Erasmus son axudas económicas para contribuír aos gastos xerados pola mobilidade.

2. O alumno deberá entregar toda a documentación xustificativa de ter planificado e realizado a mobilidade que lle sexa requerida polo reponsábel do programa no centro.

3. O alumno debe estar en disposición de realizar pagos de diversos conceptos que logo poderá compensar coa axuda económica que se lle conceda.

4. A cantidade total da **bolsa** para o curso 2018/2019 será de 400 € por mes e por alumno na mobilidade KA103, os cales faranse efectivos na semana anterior á súa partida ata o país de destino; e



Erasmus+

a determinada pola Axencia nacional SEPIE no que se refire aos Ciclos Medios.

5. A selección realizarase tendo en conta a excelencia do expediente académico; o coñecemento da/s lingua/s vehicular/es do país de destino, así como calquera outra que se considere necesaria por parte do responsábel do centro; finalmente, a madurez do candidato/a será fundamental para ser beneficiario do proxecto, esta madurez será valorada polo responsábel do centro.

6. O centro asume a responsabilidade de xestionar a empresa onde o alumno pode realizar a FCT de xeito conveniente, o seguimento e avaliación da mesma realizarase conforme á normativa vixente.

7. O alumno asume a responsabilidade de xestionar o seu desprazamento, estancia, e manutención durante a realización da FCT, realizando os pagos a conta que sexan necesarios. O centro poñerá á súa disposición a información de que dispoña para facilitar esta tarefa.

8. Unha vez realizada a selección de beneficiarios do proxecto Erasmus, a decisión será inapelable.

9. O alumno seleccionado comprométese a ter ó día todos os documentos (DNI ou pasaporte) en vigor antes do inicio da estancia, así como estar en posesión da Tarxeta sanitaria europea ou documento similar.

10. O centro asume a responsabilidade de tramitar un seguro que cubra os desprazamentos e a estancia dos alumnos.

11. O alumno comprométese a prestar colaboración na difusión de proxectos sucesivos mediante a aportación da súa experiencia a outros posibles beneficiarios.



Erasmus+

Lido e conforme\*

Asinado:

D.N.I./Pasaporte:.....

No Carballiño a .... de ..... de 2019

\*A non conformidade coa totalidade ou algunha das condicións incluídas nesta solicitude de inscrición supón a renuncia do candidato a participar no proxecto Erasmus.

Toda a información contida nesta solicitude é confidencial e forma parte dun ficheiro xestionado polo IES Manuel Chamoso Lamas como entidade xestora de fondos para o desenvolvemento de Proxectos Europeos de Mobilidade.